



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

CEIP O MARBÁN

Rúa A Igrexa 45
As Somozas (Santiago Seré)
15565 As Somozas (A Coruña)
Tel. 881938101 .- Fax 881938101
ceip.omarban@edu.xunta.es

galicia

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

CEIP O MARBÁN

3º TRIMESTRE

EDUCACIÓN INFANTIL

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

CEIP O MARBÁN

Rúa A Igrexa 45
As Somozas (Santiago Seré)
15565 As Somozas (A Coruña)
Tel. 881938101 - Fax 881938101
ceip.omarban@edu.xunta.es



<p>CENTRO:</p>	<p>CEIP O MARBÁN</p>
<p>CURSO:</p>	<p>AULA MIXTA EDUCACIÓN INFANTIL</p>



ÍNDICE	
1	Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2	Avaliación e cualificación.
3	Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4	Información e publicidade.




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

CEIP O MARBÁN

Rúa A Igrexa 45
As Somozas (Santiago Seré)
15565 As Somozas (A Coruña)
Tel. 881938101 - Fax 881938101
ceip.omarban@edu.xunta.es



ADAPATACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA CURSO 2019-2020

CENTRO: CEIP O MARBÁN

CURSO: EDUCACIÓN INFANTIL

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación

Estándar de aprendizaxe

Na etapa de Educación Infantil, os criterios de avaliación constituirán un referente para a avaliación continua e permitirán seleccionar os procedementos de avaliación máis axeitados. Así mesmo servirán para coñecer as aprendizaxes adquiridas, identificar as súas posibilidades e dificultades e valorar o grao de iniciación de desenvolvemento das competencias.

Ademais de avaliar ao meu alumnado tamén é preciso analizar e valorar o proceso de ensino, polo que se terán en conta os aspectos que a Orde do 25 de xuño de 2009 recolle no artigo 20.6, así como os criterios de avaliación establecidos en cada unha das áreas no Decreto 330/2009, de 4 de xuño.

Nesta terceira avaliación, debido á imposibilidade de realizar unha observación directa e sistemática do alumnado, teranse en conta os seguintes criterios de avaliación:

O alumnado progresa na adquisición das competencias

A metodoloxía utilizada é a máis axeitada

As familias implícanse no proceso de aprendizaxe dos seus fillos e das súas fillas a través de diferentes propostas


Empregaranse os procedementos e instrumentos de avaliación indicados no seguinte apartado deste documento.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL
CEIP O MARBÁN

Rúa A Igrexa 45
As Somozas (Santiago Seré)
15565 As Somozas (A Coruña)
Tel. 881938101 .- Fax 881938101
ceip.omarban@edu.xunta.es



ADAPATACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA CURSO 2019-2020

CENTRO: CEIP O MARBÁN

CURSO: EDUCACIÓN INFANTIL

MATERIA:

2. Avaliación e cualificación

Avaliación

Procedementos: a avaliación ten un carácter formativo, regulador e orientador do proceso educativo e permite obter información sobre o desenvolvemento e as aprendizaxes do alumnado para poder mellorar e reaxustar a práctica educativa e adoptar decisións tanto individuais como colectivas.

Ao longo do primeiro e segundo trimestre deste curso, 2019-2020, na aula, recolleuse información para levar a cabo a avaliación do alumnado utilizando a observación directa e sistemática, a análise das súas producións e a información recollida nas entrevistas coas familias e cos restantes profesionais que están en contacto co alumnado da aula.

Todos estes datos foron recollidos e, como titora, ao rematar cada un destes dous trimestres, facilitei ás familias un boletín informativo onde se reflicten os progresos e dificultades detectadas nos seus fillos e nas súas fillas, así como as posibles medidas de reforzo que é aconsellable levar a cabo tanto na casa como na escola e que lle axudarán ao alumnado a desenvolver os procesos en fase de maduración.

Ao longo deste terceiro trimestre, seguindo a metodoloxía explicada no seguinte apartado, coñecerase a evolución do proceso de aprendizaxe do alumnado, tendo en conta as producións que envían telemáticamente e máis a información recollida nas titorías telemáticas mantidas coa familia. Hai que destacar que, segundo as instrucións publicadas pola CEUFP, estas actividades son voluntarias, non obstante nesta aula participan activamente todas as familias e, por conseguinte, todo o alumnado.

Instrumentos: para recoller a información precisa para levar a cabo a avaliación, no primeiro e segundo trimestre do curso, empregouse un diario e táboas de dobre entrada referidas aos elementos que compoñen o proceso educativo.

Ao longo deste último trimestre, coñecerei a evolución do proceso de aprendizaxe mediante as producións que envían telemáticamente as familias, peronon influirá na avaliación final de curso.

Cualificación final

Para a realización da avaliación do curso terei en conta o establecido na Orde do 25 de xuño de 2009, na que se indica, que a avaliación, nesta etapa educativa é global, continua e formativa e parte dun seguimento continuado, polo que para realizar o proceso de avaliación deste último trimestre teranse en conta os aspectos recollidos ata o día en que se declarou a situación de Estado de Alarma, pois ata ese momento foi ata cando se puido observar directa e sistemáticamente ao alumnado.



ADAPATACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA CURSO 2019-2020

CENTRO: CEIP O MARBÁN **CURSO:** EDUCACIÓN INFANTIL

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

Actividades

Tal e como indica o Decreto 330/2009, de 4 de xuño, na proposta didáctica terán cabida as secuencias de aprendizaxe, os proxectos ou as unidades didácticas que engloben contidos de diferente tipo e de distintas áreas, aínda que tamén é conveniente planificar outras actividades que alternen coas propostas globalizadas, contribuíndo deste xeito á adquisición das competencias e á educación e valores. Ao longo deste terceiro trimestre do curso, diariamente, faise unha proposta globalizada para que o alumnado teña a oportunidade de seguir traballando algúns dos contidos tratados na aula. Así mesmo fomentase o traballo cooperativo, para o que se propoñen actividades:

- **en gran grupo**, como a realización dun libro de receitas ou un conto.
- **en pequeno grupo** para o que se empregan as videochamadas e o que se pretende é que o alumnado non perda o contacto cos compañeiros e compañeiras nin o sentimento de pertenza a un grupo creado no ámbito escolar.

Así mesmo, lévanse a cabo actividades individuais (actividades manipulativas, de expresión corporal, plástica,...) e actividades a nivel de centro, como a celebración das distintas conmemoracións que teñen lugar ao longo deste trimestre.

Ademais hai que ter en conta que no centro se conta con mestres especialistas de Inglés e Educación Física, quen propoñen actividades semanais da súa área aos nenos e ás nenas desta aula. Do mesmo xeito o fai a mestra de relixión católica aos nenos e ás nenas, cuxas familias escolleron esta materia a principio de curso.

Así mesmo, dende o Departamento de Orientación, mediante os especialistas de Audición e Linguaxe e Pedagogía Terapéutica tamén se fan propostas ao alumnado desta aula.

**Metodoloxía
(alumnado con
conectividade e sen
conectividade)**

Tendo en conta as orientacións metodolóxicas recollidas no Decreto 330/2009, de 4 de xuño, emprégase unha metodoloxía globalizada que favoreza a aprendizaxe significativa, polo que, ao longo deste terceiro trimestre do curso, intentarase que o alumnado constrúa o seu coñecemento partindo de problemas da vida cotiás.

Para isto empregase o xogo como principal recurso didáctico e o que se pretende é que o alumnado, mediante as tarefas cotiás da súa casa e os materiais e recursos que teña nela, poda aprender aspectos que favorezan a adquisición dos obxectivos programados,



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

CEIP O MARBÁN

Rúa A Igrexa 45
As Somozas (Santiago Seré)
15565 As Somozas (A Coruña)
Tel. 881938101 .- Fax 881938101
ceip.omarban@edu.xunta.es


	<p>así como avanzar na adquisición das competencias recollidas no anexo II do Decreto de Currículo.</p> <p>Hai que destacar que todo o alumnado da aula mixta de Educación Infantil ten algún aparello electrónico con conexión a Internet e que ningunha das actividades propostas precisa ser impresa para a súa realización.</p>
Materiais e recursos	<p>Ao longo deste terceiro trimestre, as propostas que se levan a cabo fomentan o emprego de materiais e recursos que as familias podan ter nas súas casas ou que podan confeccionar con materiais reciclados. Ademais fomentase a creatividade do alumnado dándolles a oportunidade de cambiar algún dos materiais e recursos que se propoñen por outros que eles mesmos teñan na casa.</p>



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL
CEIP O MARBÁN

Rúa A Igrexa 45
As Somozas (Santiago Seré)
15565 As Somozas (A Coruña)
Tel. 881938101 .- Fax 881938101
ceip.omarban@edu.xunta.es



ADAPATACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA CURSO 2019-2020

CENTRO: CEIP O MARBÁN **CURSO: EDUCACIÓN INFANTIL**

4. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias

Tal e como se indica anteriormente, todas as familias do alumnado desta aula teñen algún aparello electrónico con conexión a Internet. Desde o primeiro momento, se mantivo o contacto coas familias do alumnado mediante o espazo Abalar, pois todas as familias da aula tiñan esta aplicación instalada nos seus teléfonos móbiles con anterioridade. Ademais tamén se está a empregar o correo electrónico para compartir as producións do alumnado. Para poder ter contacto co alumnado empréganse as videochamadas, tanto individuais con cada un dos alumnos e a súa familia, como grupais, dando a oportunidade ao alumnado de manter contacto cos compañeiros.

Publicidade

Todas as propostas realizadas desta aula son publicadas na páxina web, así como as propostas a nivel de centro, dando a oportunidade ás familias de poder consultalas en todo momento e cando o precisen.